

formación de persoas adultas

XUSTIFICACIÓN

A loita polos cambios sociais debe abordarse desde unha perspectiva feminista para acadar melloras que sexan igualitarias para as persoas, independentemente do seu xénero e sexualidade.

As mulleres conseguiron historicamente certos logros relevantes na loita pola igualdade, conseguindo unha sociedade máis xusta e equitativa. É importante coñecer algunha destas achegas das mulleres e coñecer tamén cales son os atrancos que impiden á muller ocupar lugares de toma de decisión, o que entendemos polo "teito de cristal", entender o que este termo significa e que situacións o identifican para loitar contra eses atrancos e conseguir romper esa barreira.

OBXECTIVOS XERAIS

Coas actividades preténdese dar a coñecer un exemplo histórico relevante de mulleres que conseguiron un importante cambio social e explicar e sensibilizar ao alumnado sobre as barreiras, debidas ao arraigamento do modelo patriarcal na sociedade, que impiden os cambios sociais en xeral e o avance na igualdade de xénero en particular.

METODOLOXÍA

Utilizarase unha metodoloxía activa e participativa que promova o traballo en grupo despois da reflexión individual persoal. O alumnado lerá as instrucións das actividades e procederá a resolvelas segundo a súa propia opinión de maneira individual e separada do resto de compañeiros e compañeiras. Posteriormente dividirase a clase en grupos (mínimo de 3 e máximo de 5 persoas) para que cada un debata sobre as cuestións expostas e expoña finalmente as conclusións máis relevantes ás que se chegou tras a discusión ou debate.

RECURSOS

Pizarra para ir escribindo as ideas dos grupos
Ordenador, pizarra dixital, tablet ou outro dispositivo co que poder conectarse a internet para ler artigos, ver fotografías ou escoitar vídeos.
Fotocopias de texto en fragmentos para ordenar correctamente a partir da lectura.

ACTIVIDADE 1: Rosa Parks e Claudette Covin e os movementos antirracistas

OBJETIVO:

I) **Observa ambas as fotografías e comentáas Que ves nelas? Que as diferencia ou iguala?**

Entra neste espazo de internet e verás con máis claridade o que di o cartaz en inglés. Axúdate dun dicionario. A conti-



nuación contesta ás preguntas:

<http://www.shannonwalbran.com/heroes-project-freedom-rosa-parks-started-bus/>

- ¿Que data queda sinalada no calendario a partir do que fixo Rosa Parks?
- Que fixo?

- Por que esta acción foi tan significativa?

Para máis información consulta en: <http://goo.gl/H4mGKY>
https://es.wikipedia.org/wiki/Boicot_de_autobuses_de_Montgomery

II) Na mesma ligazón de National Geographic téis acceso a outras fotografías de Rosa Parks: selecciónas e prepara un powerpoint (u outro programa informático visual) sobre esta muller para facer unha exposición en clase.

III) Claudette Covin foi un precedente nunha acción similar á de Rosa Parks. Recompón o texto que fala sobre ela (párrafos 2 ao 5 que o profesor ou a profesora atopará na ligazón -unhas liñas máis abaixo- e separará os párrafos recortándolos para que o alumnado, en grupos, os organice correctamente: <http://goo.gl/BJqc5k>)

Cal foi o argumento que defendía Claudette para xustificar a súa acción?

IV) Dramatización. O grupo de clase recrea a escea de protesta de Claudette Colvin, baseándose na información do texto anterior recompoñendo o posible diálogo na escea do autobús. Esta actividade pódese realizar en inglés, tomando como base o mesmo texto que pode lerse no mesma ligazón pero en lingua inglesa...

ACTIVIDADE 2: Rachando o teito de cristal

I) **O teito de cristal:** <http://feminismo.about.com/od/trabajo/fl/iquestQueacute-significan-techo-de-cristal-y-suelo-pegajoso.htm>



Le no artigo que atoparás na ligazón de máis arriba, a información sobre as diferentes barreiras ou 'teitos' que as mulleres soen atopar e que non lles permite ocupar espazos de toma de decisións. Espazos que ocupan tradicionalmente os homes e que deben vencerse para acadar a igualdade de trato laboral e social. Párate especialmente na lectura da cuarta barreira. Reflexiona e contesta as seguintes cuestións enriquecéndote co debate cos compañeiros e as compañeiras.

- Cal é o termo referido a esta barreira?
- Quen o acuñou?
- Como é considerada a muller?
- Como é considerado o home?
- Que impide ese 'teito' ou barreira?

II) **Son una puta traidora amargada e mal follada.**

Escoita o vídeo de youtube no que un grupo de mulleres denunciaron o machismo que soportaron pola súa condición de mulleres adicadas á vida política. Isto tivo lugar o pasado 27 de xaneiro de 2016 na Plaza do Rey en Barcelona.

Recolle o nome destas mulleres, os insultos que soportaron e cal é a súa área de traballo.

<http://goo.gl/tMpqw>

III) **Aseaditas e tiorras**

<https://enladireccionopuestablogwordpress.com/2016/01/29/aseaditas-y-tiorras/#more-5>

Tras ler o artigo, que atoparás na ligazón anterior, comenta:

1. De que mulleres fala e que calificativos recibiu cada unha delas?
2. Que outras características teñen esas mulleres?
3. A que se adican?
4. Segundo a xornalista, a que se debe o feito de que reciban eses insultos?
5. Cal é a túa opinión respecto a eses insultos?